



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2017

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Setembro 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 6,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, dúas décimas inferior ao do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,7%, cinco décimas menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 7,7% e os Outros servizos o 3,9%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,3% e en España un 2,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de setembro. Galicia é a quinta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a décima comunidade co maior incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un crecemento do 6,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, dúas décimas menos que no mes de agosto. O índice para España amosa un aumento do 5,7% respecto ao mes de setembro de 2016, cinco décimas inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 7,7% e achega 5,9 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 3,9% e achegan 1,0 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 6,0%, 1,7 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 5,2%, superando en 1,3 puntos o crecemento galego.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 10,0% e achega 5,4 puntos a taxa de variación do índice xeral. O *Comercio polo miúdo* aumenta o 3,1% e achega 0,6 puntos a taxa de variación interanual. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe un 1,5% a súa facturación co que resta 0,1 puntos a taxa interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 2,5 puntos, cun crecemento do 7,1%; o *Comercio polo miúdo* aumenta o 4,1% e achega 0,9 puntos e a *Venta e reparación de vehículos*, cun incremento do 6,0%, achega 0,4 puntos a taxa xeral.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 3,9%; o sector que máis contribúe a este incremento é o *Transporte*, cunha taxa do 6,4%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,2%, sendo o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,5 e 0,8 puntos, con taxas do 5,5% e 10,2% respectivamente.

No que vai do ano, o índice de cifra de negocios crece un 8,7% en Galicia e un 6,5% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 13,3% e 7,8% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 5,0%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,7% no mes de setembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que crece o 7,0% e achega 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral, e o *Transporte* que, cun incremento do 10,6%, achega 1,4 puntos. Ademais, a *Hostalería* aumenta o 4,2% e achega 0,9 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de setembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Navarra (10,5%), Madrid (8,9%) e Comunitat Valenciana (7,4%). As comunidades con menores crecementsos son Extremadura (1,0%), Canarias (2,2%) e País Vasco (2,4%).

No que vai de ano, Navarra (10,3%) e Galicia (8,7%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,3%) e Extremadura (3,4%) amosan os menores crecementsos.

Índices de cifra de negocios. Setembro 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,3% respecto ao mes de setembro de 2016, dúas décimas menos que en España (2,5%).



O persoal ocupado aumenta un 2,3% tanto no *Comercio* como nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* achega seis décimas a taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 4,3%, e o *Comercio polo miúdo* cinco décimas ao aumentar o persoal ocupado un 1,8%. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,2%).

Nos *Outros servizos* destaca o incremento do 4,0% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* e do 3,7% na *Hostalería*, co que achegan seis décimas cada un a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, diminúe un 0,5% o persoal ocupado no *Transporte*.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,3%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,3% e en España o 2,6%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de setembro. Os maiores incrementos danse en Murcia (4,3%) e Aragón (3,9%). A comunidade onde menos crece a ocupación é Extremadura (0,9%).

Índices de persoal ocupado. Setembro 2017

Taxas de variación en %



No acumulado no ano, os maiores crecementos danse en Murcia (4,8%) e Illes Balears (4,0%) mentres que en Andalucía (1,4%) e País Vasco (2,0%) rexístranse as taxas máis baixas.

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	125,9	6,8	8,7
Comercio	129,8	7,7	10,0
Venta e reparación de vehículos de motor	92,2	-1,5	-5,0
Comercio por xunto	151,8	10,0	13,3
Comercio ao retalho	99,2	3,1	5,1
Outros servizos	111,7	3,9	4,4
Transporte	118,6	6,4	2,0
Hostalería	117,7	4,0	8,0
Información e comunicacións	88,8	1,0	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,2	1,0	5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	147,1	3,5	6,8
España			
Xeral	109,8	5,7	6,5
Comercio	107,3	6,0	6,7
Venta e reparación de vehículos de motor	114,0	6,0	9,0
Comercio por xunto	111,2	7,1	7,8
Comercio ao retalho	98,2	4,1	3,8
Outros servizos	114,0	5,2	6,1
Transporte	119,1	5,5	6,3
Hostalería	132,4	5,6	5,5
Información e comunicacións	99,6	0,8	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,2	10,2	9,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,6	3,8	5,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	120,4	5,7	7,6
Comercio	122,5	7,0	9,3
Transporte	136,3	10,6	6,1
Hostalería	119,6	4,2	8,2
Información e comunicacións	86,7	0,9	3,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,7	2,4	5,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	128,8	1,5	5,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,8	5,7	6,5
Andalucía	100,6	3,5	4,6
Aragón	109,9	4,7	4,4
Asturias	100,3	3,6	4,3
Balears, Illes	153,7	4,8	5,3
Canarias	113,7	2,2	4,2
Cantabria	108,4	7,2	6,1
Castilla y León	103,3	2,6	3,3
Castilla-La Mancha	105,6	3,9	8,1
Cataluña	111,7	4,7	6,3
Comunitat Valenciana	111,6	7,4	7,1
Extremadura	102,2	1,0	3,4
GALICIA	125,9	6,8	8,7
Madrid	107,9	8,9	8,4
Murcia	103,4	5,8	4,8
Navarra	112,9	10,5	10,3
País Vasco	107,1	2,4	3,9
Rioja, La	118,3	4,3	6,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,8	2,3	2,3
Comercio	96,8	2,3	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	85,0	-0,2	-0,4
Comercio por xunto	94,6	4,3	3,6
Comercio ao retalho	100,5	1,8	1,8
Outros servizos	105,9	2,3	2,4
Transporte	98,4	-0,5	0,9
Hostalería	104,6	3,7	2,9
Información e comunicacións	88,9	1,7	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,4	1,6	0,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	125,7	4,0	4,7
España			
Xeral	104,8	2,5	2,6
Comercio	101,0	2,1	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	94,2	2,1	2,2
Comercio por xunto	103,6	2,9	2,9
Comercio ao retalho	100,6	1,6	1,8
Outros servizos	107,4	2,8	2,8
Transporte	102,0	2,8	2,7
Hostalería	112,1	2,5	2,6
Información e comunicacións	100,4	2,5	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,9	1,6	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,7	4,3	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,8	2,5	2,6
Andalucía	101,0	1,7	1,4
Aragón	104,0	3,9	3,0
Asturias	97,7	2,8	2,1
Baleares, Illes	131,0	3,4	4,0
Canarias	107,1	2,2	3,1
Cantabria	107,1	2,4	3,6
Castilla y León	100,4	1,8	2,1
Castilla-La Mancha	103,3	2,2	2,4
Cataluña	109,9	3,1	3,2
Comunitat Valenciana	103,3	2,7	2,6
Extremadura	105,8	0,9	2,6
GALICIA	101,8	2,3	2,3
Madrid	101,1	2,3	2,2
Murcia	110,1	4,3	4,8
Navarra	109,9	3,4	3,8
País Vasco	105,6	2,1	2,0
Rioja, La	111,0	3,6	3,6

Fonte: INE